

SECUNDARIA **identidade** **territorial**

MATERIAL PARA O ALUMNADO

• MATERIAL PARA O ALUMNADO

INTRODUCCIÓN	3
1.- ACTIVIDADES INICIAIS	4
1.1.- O PASADO SEGUIE PRESENTE	4
1.2.- A RUPTURA CO PASADO	6
1.3.- OS CIDADÁNS OPINAN	9
2.- MODIFICACIÓNS HISTÓRICAS DA PAISAXE	10
2.1.- OS ASENTAMENTOS CASTREXOS	10
2.2.- A PEGADA DOS ROMANOS	12
2.3.- ALDEAS E PARROQUIAS NA IDADE MEDIA	14
2.4.- OS SÉCULOS MODERNOS	19
2.5.- OS CAMBIOS CONTEMPORÁNEOS	22
3.- OS PROBLEMAS ACTUAIS	26
3.1.- DENSIFICACIÓN E CAOS CONSTRUTIVO	26
3.2.- CONXESTIÓN, TEMPO E INFRAESTRUTURAS VIARIAS	28
4.- CARA AO FUTURO	30
4.1.- A EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL	30
4.1.1.- UNHA EURORREXIÓN CON CERTA COHERENCIA ECONÓMICA	30
4.1.2.- VANTAXES DA PLANIFICACIÓN CONXUNTA DO TERRITORIO DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL	33
4.2.- A NECESIDADE DA PLANIFICACIÓN	35
5.- ACTIVIDADE FINAL	37

IDENTIDADE E TERRITORIO

ANTONIO DÍAZ OTERO
RAMÓN LÓPEZ FACAL
ELADIO FERNÁNDEZ MANSO
OLGA PEDROUZO VIZCAÍNO

INTRODUCCIÓN

As paisaxes máis características do noso territorio son o resultado da intervención humana no medio natural, modificándoo. Algúns destes cambios son moi antigos e mantivéronse ao longo do tempo e así chegaron até nós as formas tradicionais das parcelas, a distribución da poboación en aldeas, vilas e cidades, a maneira de cerrar os campos, de facer os camiños, as paredes e valados, as pontes, as construcións...

Na actualidade, o home segue a actuar sobre o medio. Algunhas destas actuacións son convenientes e necesarias para favorecer que a xente viva mellor, xa que nestes momentos existen posibilidades técnicas que antes non había. Sen embargo, outras son froito da ignorancia e ameazan destruír unha identidade construída grazas ao esforzo das xeracións pasadas; un patrimonio cultural ao que teñen dereito tamén as xeracións futuras.

Esta unidade ocúpase da nosa identidade territorial, é dicir, das características que fan que o noso territorio, incluíndo a actual Galicia e o norte de Portugal, sexa relativamente homoxéneo e bastante diferenciado con respecto ao resto da Península Ibérica; das orixes históricas desa identidade, dos cambios e problemas que existen no presente e das perspectivas de cambio cara o futuro.



1.- ACTIVIDADES INICIAIS

1.1.- O pasado segue presente

As paisaxes actuais, as formas das cidades, os trazados dos camiños e estradas, a situación no territorio das entidades de poboación (lugares, aldeas, vilas e cidades) e o seu emprazamento no terreo, a disposición das construcións, das leiras e terreos cultivados... teñen as súas orixes nun pasado que nalgúns casos se remonta a miles de anos atrás.



IT-001

Observa con atención o conxunto de cinco imaxes que tes na parte superior da páxina seguinte:

1 a.- Na fotografía aérea 1 aparece un val que descende en pendente cara o mar. **¿Trátase dunha paisaxe natural ou humanizada? ¿Cres que as formas que observas son recentes ou veñen de tempo atrás? ¿Como son esas formas? ¿Por que pensas que son así?**

2 b.- Na fotografía 2 aparece unha aldea. Tamén hai terras de labor e montes non cultivados. **¿Onde está situada esta aldea en relación aos outros conxuntos? (no medio dos cultivos; no monte...).** **¿Que vantaxes pode ter para o campesiñado construír as súas casas nese lugar e non noutro?** Algunhas casas de construción recente están situadas fóra dos núcleos orixinarios, **¿a que cres que pode deberse? ¿Cres que cada un ten dereito a construír a súa casa onde lle pareza ou debe respectar unha certa orde?**

3 c.- Na fotografía 3 pódese apreciar un tipo de leiras denominadas socalcos, que é unha maneira de conseguir unha superficie horizontal, sostida por unha parede, para poder cultivar os terreos nas encostas. Algunhas destas construcións remóntanse á Idade Media. **¿Cres que se seguen facendo socalcos na actualidade? ¿Por que razón? ¿Que razóns pensas que puideron ser máis importantes para que se construísen?** (que a man de obra fose moi barata, que o valor do que se cultivaba fose elevado, as dúas cousas...)

4 d.- En moitas zonas de Galicia e do norte de Portugal a maioría das leiras están cerradas por valados, algúns son vexetais (sebes) e na maioría dos casos son paredes de pedra. Isto non sucede no resto da península ibérica. **¿Ocórreseche algunha explicación?**

IT-002



Lugo foi unha cidade fundada polos romanos hai pouco máis de 2000 anos, e fortificada con murallas algún tempo despois. Aínda que na actualidade a cidade de Lugo é moito máis grande que o perímetro comprendido polas vellas murallas romanas, estas seguen condicionando a forma urbana e a vida cidadán, tal e como podes observar nas imaxes seguintes. **¿Poderías sinalar algúns aspectos que están condicionados en Lugo pola existencia das murallas?**

5

Noutro tempo existiu un proxecto de derrubalas para abrir a cidade vella. **¿Cres que tería sido unha boa idea? ¿Por que? ¿Que valor cres que teñen uns muros de hai tantos séculos se xa non teñen a utilidade para a que foron construídos?**

6

IT-003



Na túa localidade (ou na que teñas próxima) posiblemente existan pegadas do pasado na actual paisaxe urbana. **¿En que zonas se apreza a influencia do pasado? ¿Son fáciles de identificar? ¿Por que? ¿Están ben conservadas?**

7

1.2.- A ruptura co pasado

Os restos do pasado forman o noso patrimonio que é moi rico e valioso e que, ao igual ca lingua, ca natureza ou cas tradicións identificannos como pobo, como membros dunha comunidade. Sen embargo, na actualidade, ao cambiar as formas de vida tradicional e non aumentar o nivel cultural de boa parte da poboación, estamos asistindo á destrución deste patrimonio porque moita xente non é capaz de apreciar a súa importancia nin entender a lóxica coa que se construíu así.



IT-004

8 Nestas imaxes aparecen distintas paisaxes urbanas. **Descríbeas e responde** en cada un dos casos ás seguintes cuestións: **¿Cres que existiu sensibilidade na construción recente para conservar o patrimonio do pasado? ¿Cres que se pretendeu crear un espazo agradable para a vida dos seus habitantes?**

9 Se tiveses unha vivenda familiar de toda a vida nun destes lugares, **¿Que opinarías se un veciño construíse un bloque de moitos pisos limitando coa túa casa? ¿A quen beneficiou a construción de edificios tan elevados? ¿A quen beneficiaría que non se constrúisen, ou se constrúisen doutra maneira os novos edificios, e se respectase o entorno do edificio histórico? ¿Cres que os edificios que se constrúen nunha cidade deben seguir un plan, unhas normas ou, pola contra, pensas que os propietarios dos solares teñen dereito a construír como lles pete?**

Nas derradeiras décadas nos concellos próximos ás grandes cidades produciuse un forte crecemento da poboación e das edificacións, formándose pequenas cidades nas que vive maioritariamente xente que traballa na cidade principal. Este crecemento estase a facer, en moitos casos, sen respectar os modos e maneiras en que se viña producindo a ocupación do territorio dende tempos antigos.

10 **Observa** a fotografía aérea e o plano da páxina seguinte. **¿Cales son os principais núcleos que aparecen no contorno de Ferrol?. Rodéaos** cun círculo no plano do teu caderno.

11 **¿Cres que a presenza da ría puido ter condicionado a ubicación destes núcleos? ¿Que outros factores poden ter influído na mesma?. Razóao.**

12 **¿Por que cres que a xente se vai vivir fóra da cidade onde traballa? ¿Que vantaxes pode ter para eles? ¿Que problemas provoca o feito de que tanta xente viva nun lugar distinto ao do seu traballo? ¿Que desvantaxes pode ter para esa poboación?**



Sen embargo, este proceso de urbanización que está a afectar xa á totalidade do mundo occidental está producindo resultados moi distintos, tanto dentro dos espazos urbanos como nas formas de ocupación do territorio. E da mesma maneira que hai roupa, libros ou discos que nos gustan máis ca outros, tamén uns entornos poden ser máis satisfactorios ca outros.



13 **Ordena** as nove imaxes anteriores segundo a túa preferencia **explicando** o porqué da clasificación.

IT-006

1.3.- Os cidadáns opinan

Explica se estás de acordo ou en desacordo con cada unha das seguintes afirmacións:

1.- No meu concello o urbanismo e a ocupación do territorio responden a un plan previo.

.....
.....
.....

2.- Cada persoa na súa propiedade é libre de actuar conforme aos seus intereses.

.....
.....
.....

3.- As infraestruturas (sanitarias, educativas, de comunicación, ...) deben planificarse en función de intereses globais e non locais.

.....
.....
.....

4.- Galicia está ben comunicada internamente e co resto de Europa.

.....
.....
.....

5.- Galicia pronto terá un tren de alta velocidade.

.....
.....
.....

6.- Para as empresas galegas o máis importante é mellorar as comunicacións co centro de España.

.....
.....
.....

7.- Para as empresas galegas é preferible articular unha boa rede de comunicacións entre Galicia e o Norte de Portugal, sen esquecer as conexións co resto de Europa.

.....
.....
.....

8.- É preferible que Galicia trate de organizarse pola súa conta, porque os seus intereses nada teñen que ver cos dos portugueses.

.....
.....
.....

9.- Se a economía de Portugal se desenvolve moito, pode ser negativo para Galicia.

.....
.....
.....

10.-Se a economía de Portugal se desenvolve moito, pode ser positivo para Galicia.

.....
.....
.....

2.- MODIFICACIÓNS HISTÓRICAS DA PAISAXE


Como acabas de ver, as paisaxes que vemos na actualidade son o resultado da actuación dos homes sobre un espazo concreto ao longo da historia.

No caso galego, aínda que hai constancia da presenza humana en Galicia dende moi antigo, os datos cos que contamos sobre a ocupación do territorio non empezan a ser significativos até a etapa coñecida como Cultura Castrexa.

2.1.- Os asentamentos castrexos


A partir do século VI a.C. e nunha ampla zona do noroeste peninsular desenvolveuse un tipo peculiar de asentamentos, chamados castros, diferentes aos doutras áreas.

15 O mapa 2 representa a área xeográfica que ocupou a cultura dos castros no noroeste peninsular e a súa distribución espacial. **¿Coincide cos límites actuais de Galicia?**



Os **castros** eran poboados fortificados situados nun lugar estratéxico para facilitar a súa defensa. Tiñan tamén que dispoñer de acceso fácil aos recursos alimenticios e á auga, polo que se situaban habitualmente entre a zona de monte e prados e a de bosque e cultivos. Hai castros de moitos tamaños e tipos; entre estes destacan os da costa e os do interior.

16 O castro costeiro é o de Baroña (A Coruña); o de interior é o de Viladonga (Lugo). **¿Como garanten a súa defensa en cada un dos casos? ¿Onde están situadas as murallas do castro de Baroña, e por que alí? Fíxate agora no plano e foto do castro de Viladonga. Na dereita só presenta un antecastro, mentres que na esquerda as defensas se multiplican. ¿Cal cres que pode ser o motivo?**



CASTRO DE BAROÑA



CASTRO DE VILADONGA



3




4

IT-008

As plantas destes asentamentos son redondeadas: máis ou menos circulares ou ovaladas. No seu interior as construcións, nas que tamén dominan as formas circulares ou elípticas, distribúense sen orde aparente, aínda que é posible que existise algún tipo de organización e que os agrupamentos respondesen a algún tipo de función que se descoñeza hoxe.

Aínda que non se sabe exactamente o seu número, a cantidade total, para todo o territorio do noroeste, debía rondar os 4000 ou 5000 o que indica unha elevada densidade de poboación para a época. No seguinte mapa podes comprobar como estaban distribuídos os existentes na Galicia actual. **Fíxate** no mapa:



IT-009

17 **¿En que zonas de Galicia existiu unha maior concentración de castros?**

¿Que elementos físicos dificultaron a ocupación dalgunhas partes do territorio?

¿Que elementos físicos favoreceron a ocupación doutras?

18 **Fíxate** no mapa da páxina anterior e no mapa físico do inicio da unidade. **¿Onde cres que hai máis castros na zona norte do actual Portugal?**

Polo mapa anterior poidiches ver que a ocupación do territorio foi intensa pero aínda hoxe descoñecemos moitas outras cousas; por exemplo, non se sabe cantos castros foron ocupados en cada época; nin se se ocuparon dun xeito continuado ou se utilizaron como refuxio nos casos de perigo; nin que zona dominaba cada poboado; nin o número aproximado de habitantes de cada un, nin do conxunto... Pero sabemos que perduraron moitísimo tempo, sendo algúns deles ocupados mesmo cando xa desaparecera o imperio romano, ao principio da Idade Media.

2.2.- A pegada dos romanos

Os pobos castrexos foron definitivamente derrotados polos romanos no 19 a.C. Os romanos organizaban os territorios que dominaban en provincias, subdivididas en dióceses, conventus, municipios, e outras fórmulas, o que lles permitía unha mellor administración, recadar impostos, impartir xustiza ou manter a seguridade interior e exterior. Nos case cinco séculos de dominación romana, o noroeste peninsular pasou por diferentes fórmulas organizativas.

19 ¿Cres que os romanos tiveron en conta as diferenzas culturais dos pobos dominados cando establecían as divisións administrativas? ¿Por que?

20 ¿Cando se creou a provincia da “Gallaecia”? ¿Que territorio ocupaba?

Probablemente os romanos tiveron en conta a homoxeneidade cultural anterior á conquista. Por iso, a Gallaecia romana ocupaba, aproximadamente, a área cultural castrexa que era bastante máis extensa que o territorio comprendido dentro dos límites administrativos da Galicia actual.

Para controlar a provincia romana da “Gallaecia” tamén se serviron da organización preexistente, una organización caracterizada pola existencia de diferentes pobos (“populi”), cada un deles integrado á súa vez por un certo número de núcleos de poboación (os castros).

Moitos dos nomes destes pobos seguen a estar presentes na toponimia actual:

21 ¿Por que falamos do “Golfo Ártabro”? ¿Cal é?

22 ¿Con que comarca relacionas aos Límicos? ¿Con que cidade aos Brácaros? ¿Que vila galega recibiu o seu nome dos Grovios?




IT-010



IT-011

IT-012



Polo que sabemos o hábitat indíxena permaneceu e moita xente seguiu a vivir nos castros, pero a pegada dos romanos deixouse sentir. Apareceron castros de novo tipo (como os “castros mineiros”), houbo cambios dalgúns dos existentes, outros foron abandonados e a súa poboación ocupou a zona baixa dos vales pero, sobre todo, a presenza romana notouse na creación de cidades. Ademais das capitais dos diferentes Conventus (Asturica Augusta, Bracara Augusta e Lucus Augusti), crearon outras como Aquae Flaviae, Bergidum Flavium, Iria Flavia, Flavium Brigantium...

Esas cidades seguen existindo e moi probablemente coñezas o nome actual de Bracara, Astúrica e Lucus, pero **¿saberías indicar algunha outra poboación galega de orixe romana?**

23

As cidades estaban comunicadas a través dunha rede de calzadas. Polo que sabemos existiron tres vías principais: a Vía XVIII (Nova), a XIX e a XX (chamada “per loca marítima” que quere dicir “pola costa”), e numerosas vías secundarias.

Probablemente as vías romanas seguiron os camiños prerromanos. Pero o máis destacable é que despois da desaparición do imperio romano esas calzadas se converteron nas principais vías de comunicación durante a Idade Media e a súa distribución influíu no trazado dos camiños e estradas da época moderna.

IT-013



¿Que localidades fundamentais enlazaban cada unha das vías principais?
¿Que vías de comunicación fundamentais na actualidade coinciden aproximadamente no seu trazado coas vías romanas?

24

As cidades romanas entraron en decadencia nos últimos séculos do Imperio (séculos III e IV), e como consecuencia producíronse dous fenómenos: unha volta a ocupar algúns dos castros antes abandonados, e a aparición de grandes centros rurais, as “*villae*”, que eran grandes mansións situadas no medio de extensas explotacións agrícolas ou pesqueiras, propiedade de señores que as traballaban por medio de servos e escravos.

Cando o dominio romano tocou ao seu fin, o territorio da Gallaecia, que incluía tamén o Norte de Portugal, estaba pois organizado en distintos tipos de asentamento: castros, cidades, “*villae*”, aldeas... Non se producira ningún cambio drástico na ocupación do territorio nin no tipo de hábitat que viña de moito tempo atrás, pero pouco a pouco as aldeas ían ir gañando importancia ao tempo que gran parte dos castros ían sendo abandonados.

2.3.- Aldeas e parroquias na Idade Media

25

A principios do século V (ano 411 despois de Cristo) asentouse no noroeste peninsular un pobo xermánico, os suevos, formando un reino propio durante case dous séculos (até o ano 585). **¿Que límites aproximados tivo o reino dos suevos? ¿Coinciden cos da Galicia actual ou eran máis extensos?**

A presenza sueva non parece que modificase a organización do territorio que xa existía: poboamento en castros (aínda que a maioría ían sendo abandonados), cidades de pequeno tamaño de orixe romana, "villae" e, sobre todo, aldeas. O cambio máis importante durante a época sueva foi a difusión do cristianismo que tivo consecuencias moi importantes.



A cristianización xa se iniciara nos últimos tempos do imperio romano, pero na época sueva xeneralizouse entre toda a poboación. Para administrar as comunidades cristiás que se formaron nas cidades e no mundo rural, a igrexa da Gallaecia fundou unha serie de dióceses (Asturica, Auriense, Britonia, Iria, Tui...) imitando a organización que tivera o imperio romano. Cada diócese estaba rexida por un bispo e dependían unhas do arcebispo de Lugo e outras do de Braga, as dúas capitais fundadas polos romanos nas que se afincou o novo poder.

Cada diócese comprendía un número variable de parroquias. A **parroquia** é unha institución que apareceu na época sueva e que se mantén até a actualidade. As primeiras parroquias eran moito máis extensas (comprendían máis territorio) que as actuais e incluían varias igrexas (freguesías) que se encargaban de atender a un número variable de aldeas. Posteriormente esas igrexas (freguesías) foron adquirindo relevancia e, a partir de fins do XII, asumiron a función parroquial converténdose nas parroquias de territorio máis reducido que chegaron até os nosos días. No norte de Portugal conservaron o antigo nome de freguesías que corresponden, por tanto, ao que en Galicia chamamos parroquias.

As parroquias, ademais da súa función relixiosa, foron para as comunidades campesiñas o marco de convivencia fundamental. No adro da igrexa parroquial comentábanse as novas, subhastábanse a cera e a esmola de determinadas



IT-014



IT-015

prácticas relixiosas, organizábanse as festas, facíanse os negocios e tamén recibían sepultura os mortos. A igrexa parroquial constituíu o centro da organización social; a parroquia pasou a ser a principal referencia para os veciños que se sentían moi vinculados a ela. Cada parroquia tiña, ademais, un territorio e un patrimonio propios, que normalmente era un conxunto de montes explotados de forma colectiva.

O seguinte documento, escrito a principios do século XX, describe a importancia das parroquias en Galicia:

“A parroquia é a reunión de lugares compostos cada un por un número pequeno de veciños e formando a mesma freguesía. A igrexa é o centro de reunión, o seu lugar dá nome á parroquia; á saída de misa, sobre a terra do adro vense os amigos, fanse contratos, danse os recados, exprésanse opinións, saúdanse os forasteiros. O paisano é da parroquia, non do concello: o señor Perfecto Cabanelas é do lugar de Souto do Río na parroquia de Santa Cruz de Arrabaldo. A ningún se lle ocorre dicir que é do Concello de Canedo”. [Otero Pedrayo, ano1927]

¿Cres que esta descrición segue sendo representativa da Galicia actual? Infórmate (pregunta aos anciáns do teu contorno): **¿Cres que era así hai algúns anos? ¿Que é o que cambiou ou o que está cambiando? ¿Por que cres que se produciron eses cambios?**


26

As parroquias teñen diferentes límites e extensión. Cantas máis dificultades existan nunha zona (de clima, relevo accidentado, ou fertilidade dos solos), o territorio das parroquias é máis extenso, mentres que son máis reducidas as que se asentan en áreas máis produtivas. Hai parroquias que superan as 3000 has. mentres que outras non chegan ás 100 has.

Fíxate no mapa 2 da imaxe anterior, onde aparecen representadas as parroquias: **¿Onde predominan as de maior extensión? ¿Onde as máis reducidas? ¿Cal cres que pode ser o motivo? ¿Onde cres que vive máis xente?**

27

O número de parroquias mantívose con escasas variacións dende a Idade Media até a época actual. Non coñecemos exactamente que cantidade de parroquias había en Galicia durante a Idade Media, pero sabemos que o seu número no ano 1587 (durante o reinado de Felipe II) era de 3.571, e catro séculos despois (en 1981) había un número moi semellante: 3.786.



IT-016

Compara estes mapas que reflicten a distribución das parroquias e a antiga distribución de castros no territorio galego. **¿Pensas que existe algunha relación? ¿En que zonas hai unha maior densidade? ¿En que zonas menor?**

28

Na Idade Media o territorio de Galicia e Norte de Portugal estruturouse en parroquias que chegaron aos nosos tempos. Igualmente chegou até a actualidade o modelo de hábitat, é dicir, o tipo de asentamentos de poboación onde reside a maioría da xente.


Durante os primeiros séculos da Idade Media continuou o proceso, iniciado moito antes, de abandono dos asentamentos castrexos e de creación de comunidades campesiñas. A partir dos séculos IX e X nos documentos aparecen mencionadas numerosas “vilas”, palabra coa que designaban as aldeas. O nome de aldea utilizábase sobre todo a partir do século XIV.

A aldea converteuse dende a Idade Media no núcleo básico do poboamento rural de Galicia e do norte de Portugal e así chegou até os nosos días. O hábitat (a forma en que se distribúe a poboación) característico desta área xeográfica é a dispersión en pequenos núcleos. Non predomina a dispersión absoluta (casas illadas unhas das outras) nin grandes poboados distantes os uns dos outros como sucede, por exemplo, en Castela ou no Alentexo portugués.

A **aldea** é un pequeno núcleo de poboación que inclúe un territorio cuns límites moi precisos e que consta dunha serie de elementos: casas e edificacións necesarias para albergar as colleitas e os abeños, terras destinadas ao cultivo de frutais, hortas, terras de labradío e bosques e espazos incultos en xeral.

29

¿Que elementos dos que compoñen unha aldea podes distinguir nesta imaxe?. Localiza na imaxe 1 as distintas partes ou elementos que configuran esta aldea.



IT-017

A mediados da Idade Media, a partir do século XI, aumentou a poboación e foi preciso anovar terreos até entón incultos para poder producir máis alimentos. Nas novas terras de labor fundáronse novos núcleos de poboación que recibiron o nome de vilares, lugares e casais.


O **vilar** adoita ser unha fragmentación do espazo da aldea, en especial das terras que foran gañadas ao bosque; co tempo poden chegar a constituír un núcleo independente. **Casal e lugar**, en troques, adoitan indicar un hábitat disperso, é dicir, explotacións illadas establecidas en terreos recentemente anovados e formadas por moi pouquiñas casas.

Neste proceso de ocupar novas terras tiveron un papel importante os monxes que fundaron mosteiros por toda Galicia e Norte de Portugal, e que, ademais, puxeron en marcha numerosos centros de explotación agrícola (granxas) que co tempo deron lugar tamén a aldeas que conservaron recordo desta orixe na súa toponimia, con nomes como A Graña, Grañal ou A Granxa.

A finais do século XIII a paisaxe rural de Galicia e Norte de Portugal era, no esencial, similar á que perviviu até épocas moi recentes: unha rede de poboamento densa na que a aldea é o elemento principal, e que se completa coa presenza dun poboamento máis disperso formado por lugares, granxas e casais que eran núcleos con pouquiñas casas e que mesmo, neste último caso, podía estar constituído por unha única vivenda illada.

Tamén a finais da Idade Media aparece xa fixada a organización interna do espazo de cada un dos núcleos. Cada un deles, como xa dixemos, aparece formado por un conxunto de casas agrupadas coas súas hortas, o seu terrádego repartido entre as terras de cereal e viñedo e os seus espazos de monte e bosque. Esta organización do espazo agrario trouxo consigo cambios na paisaxe natural que aínda podemos ver hoxe: socialcos, cómaros, corredoiras, valados, chantas,...

IT-018



Este plano corresponde a unha parte da parroquia de Vilabade no Concello de Tordoia. Nel figuran unha serie de aldeas. **¿Que topónimos serían indicativos das distintas formas de poboamento?**

30

Como ves, as aldeas son núcleos de hábitat concentrado distanciadas entre si. **¿Que vantaxes pensas que puido ter esta forma de organizar a ocupación do territorio?**

31

Na Idade Media non só se marcou a organización territorial do campo. A partir do século XII o aumento do número de persoas, o incremento da produción agraria, xunto coas peregrinacións polo Camiño de Santiago e certa recuperación do comercio, favoreceron o desenvolvemento de núcleos urbanos. Ademais das sés episcopais galegas (Lugo, Ourense, Tui, Mondoñedo e Santiago) tanto en torno ao Camiño de Santiago como no litoral medraron unha serie de vilas e pequenas cidades. Na ruta de peregrinación créaranse unha serie de núcleos (“burgos”) que, dende Triacastela até Arzúa, facilitaban a hospedaxe e abastecemento dos peregrinos. Na costa desenvolvéronse algúns portos entre os que destacaron Baiona e A Coruña.


Fíxate na ruta do Camiño de Santiago en Galicia. ¿Existe algunha relación coas vías romanas?

32

Compara a imaxe de vías de comunicación medievais coa actual rede de estradas que viches con anterioridade. ¿Que semellanzas aprecias? ¿Que vías aparecen reflectidas?

IT-019






IT-020

33 Observa a imaxe da aldea de Leboreiro situada no Camiño de Santiago. ¿Ten a mesma forma que calquera das aldeas vistas? ¿Que tipo de estrutura ten?

34 Dende a Idade Media e até o século XIX Santiago de Compostela foi unha das principais cidades de Galicia. As formas actuais das rúas do seu casco vello teñen a súa orixe na Idade Media. ¿Serías capaz de recoñecer no mapa actual as trazas da época medieval?



IT-021

Nos últimos séculos medievais, a inserción de Galicia nos circuitos comerciais que unían os centros de actividade económica de Italia e o Mar do Norte, beneficiou ás cidades costeiras polas que se exportaban os viños do país cara Flandes e o Norte de Francia, e peixe salgado e seco cara o Mediterráneo e Andalucía. Destaca especialmente o caso de Pontevedra, que experimentou un notable desenvolvemento urbano, até o punto de converterse na cidade galega con máis habitantes a principios do século XVI.

2.4.- Os séculos modernos

O reino de Portugal separouse do de Castela no século XII rompéndose a unidade que existira durante miles de anos no territorio da vella Gallaecia, aínda que os intercambios entre unha e outra beira do Miño seguiron sendo moi frecuentes. As relacións foron algo máis complexas na Idade Moderna (entre os séculos XVI e XIX) sobre todo entre as respectivas aristocracias e as dúas monarquías, pero as comunicacións e os movementos de poboación nunca chegaron a interromperse de todo.

Coa integración de Galicia dentro do estado moderno creado polos Reis Católicos, o reino medieval, ao norte do Miño, pasou a estar dividido en sete provincias até o século XIX (1833) no que se realizou a actual división en catro. Estas divisións pouco afectaron á vida da xente que mantivo a estrutura do hábitat, a forma de ocupación do territorio e o tipo de relacións sociais establecidas na época medieval.

Até o século XX, a poboación galega seguía sendo maioritariamente rural. A mediados do XVIII os habitantes das sete principais cidades galegas a penas representaban un 3 ou 4 % da poboación total.





Cidade	Cadro 1 Poboación das cidades galegas	
	1571	1760
Santiago	5.300	16.314
A Coruña	3.600	7.380
Betanzos	2.700	3.286
Lugo	1.440	2.552
Ourense	1.800	2.792
Mondoñedo	1.080	2.253
Tui	1.800	3.250
Pontevedra	6.540	4.734
Vigo	2.644	2.509
Ferrol	903	1.177

¿Que cidades galegas pasaban dos 5.000 habitantes no XVI? ¿Cal era a cidade que entón tiña maior número de habitantes? 35

¿Cantos habitantes suman no XVIII as principais cidades galegas? ¿Que cidades adquiriron nese século maior importancia? 36

IT-022


Os únicos cambios que se produciron nestes séculos son os referidos a un importante incremento demográfico que implicou unha maior ocupación do territorio. Sucedéronse fases de forte crecemento seguidas doutras de estancamento e recesión, pero a poboación galega, no seu conxunto, medrou máis que noutras zonas.



IT-023

Cadro 2			Porcentaxe da poboación galega sobre o total español			
Anos	Densidade (Hab./Km ²)		Anos	Pob. Galicia	Pob. España	Porcentaxe
	Galicia	resto do Reino Castela				
1591	21	18	1591	629.336	8.120.337	7,75
1752	44	18	1752	1.299.312	9.300.730	13,97
			1787	1.345.803	10.409.879	12,90
			1860	1.799.224	15.658.531	11,49
			1900	1.980.515	18.616.630	10,63
			1930	2.230.281	23.667.095	9,41
			1950	2.604.200	28.117.873	9,26
			1970	2.583.674	33.823.918	7,63
			1981	2.753.836	37.746.260	7,29
			1991	2.731.669	39.433.942	6,93
			2001	2.695.880	41.116.842	6,55

37 Observa os cadros estatísticos anteriores. ¿En que período a poboación galega medrou máis ca do resto do estado? ¿A partir de cando a poboación galega empezou a perder peso dentro do total do estado? ¿Ocorréselle algún motivo?



Durante os séculos modernos (XVI, XVII e XVIII) incrementouse máis a poboación nunhas zonas ca noutras:


Cadro 3 Provincias	Densidade no 1591	Densidade no 1752
Coruña - Betanzos	20,79	42,60
Mondoñedo	18,31	38,65
Santiago	18,59	59,35
Lugo	19,49	27,49
Ourense	23,30	37,98
Tui	38,69	99,55
Galicia	21,36	44,11

¿Que provincias medraron máis a partir do XVI? ¿As da costa ou as do interior? 38



Á vista do mapa da extensión do cultivo do millo ¿pensas que tivo algunha relación co maior incremento da poboación nunhas zonas ca noutras? ¿Por que? 39

No interior de Galicia difundíuse outro cultivo, tamén de orixe americana, a partir do século XVIII que favoreceu igualmente a diminución da mortalidade (por estar mellor alimentadas as persoas) e, polo tanto, o crecemento da poboación. ¿Sabes de que cultivo se trata? ¿Por que razón cres que non se cultivou o millo nas zonas do interior? 40

IT-024



O desigual crecemento da poboación pódese apreciar mellor aínda se comparamos a evolución por zonas dentro das provincias.



IT-025



¿Que zonas medraron máis e se converteron nas máis densamente poboadas? ¿Cres que esta distribución é moi diferente da actual? 41

¿Ten algunha relación coa distribución da poboación representada no Mapa dos Castros?. Explica.

Durante estes séculos (XVI, XVII, XVIII) estabilizouse a ocupación do espazo e fixouse a paisaxe agrícola rural que chegou basicamente igual até os nosos días. Galicia é un territorio densamente poboado (se o comparamos co resto de España) no que podemos distinguir as seguintes zonas:

a) **A zona costeira do sudoeste.** Presenta unha paisaxe dominada polo minifundio e moi densamente poboada, con agricultura intensiva baseada no millo e complementada con gandaría. O minifundismo é moi intenso, con explotacións moi pequenas, menos de 1 Ha. por explotación, e cun tamaño das parcelas moi reducido (menos de 1000 m²). Non se manteñen tantas prácticas comunitarias coma noutras comarcas e abundan os bancais e socalcos como en todas as zonas de cultivo de vides. Destacan importantes áreas vitivinícolas como A Ulla, O Salnés, O Rosal, etc.

b) **De Fisterra a Ribadeo.** Domina, tamén, a agricultura intensiva e a asociación agrícola-gandeira. Sen embargo, o cultivo do millo é menor e o tamaño das explotacións máis extenso. A paisaxe está dominada polas agras, constituíndo a *Galicia das agras*, que eran agrupacións de parcelas abertas que se cerraban no seu conxunto por medio dun valado exterior ou cómaros. Nela mantivéronse en maior medida as prácticas colectivas, tanto no que se refire ao aproveitamento das propias agras como do inculco. A presenza da vide ten tamén importancia nas Mariñas.

c) **A Galicia interior,** de condicións climáticas máis duras na que existen paisaxes agrícolas variadas xa que non é igual a paisaxe de cercados das montañas septentrionais que a paisaxe aberta do sueste ourensán ou a das agras da Galicia interior. Practícase unha agricultura extensiva na que domina o centeo (a pataca non se introduciu até fins do XVIII), en tanto que os cultivos intensivos limítanse ás cortiñas ou nabeiras, cunha ausencia case total de millo. Aquí, o inculco e os prados ocupan maior extensión. Tamén hai bisbarras de monocultivo vitícola como as ribeiras do Miño, Sil, Avia ou o Val de Monterrei.



IT-026

42 ¿A cal das zonas anteriormente descritas atribuirías cada unha destas catro imaxes?

2.5.- Os cambios contemporáneos

O número total de habitantes de Galicia continuou aumentando durante os séculos XIX e XX.

43 A poboación de España neste período tamén medrou. Proporcionalmente, e á vista do cadro 4, ¿que medrou máis: a poboación de Galicia ou a de España?. Trata de razoar a resposta.

En 1833 os liberais accederon ao poder e modificaron a organización do Estado, dividindo o territorio en provincias e concellos que, case sen cambios no número nin nos límites, chegaron até a actualidade. En Galicia, a creación destes efectuouse servíndose da antiga división parroquial na meirande parte dos casos.

Por debaixo dos concellos a parroquia continuou sendo a unidade fundamental de organización do territorio e incluso asumiu, mesmo recentemente, novas atribucións: chamamentos a quintas, distrito censal para as eleccións, unidade básica para emprender os traballos de concentración parcelaria,... funcións que se sumaron ás prácticas tradicionais de carácter comunitario como o aproveitamento en común dos montes, certos labores agrícolas, batidas contra animais danifios, axudas benéficas, etc. Sen embargo, non lograron ningún recoñecemento xurídico, que quedou reservado só aos concellos.

Cadro 4

Poboación Galicia / España

Anos	Galicia	España	% Galicia/España
1860	1.799.224	15.658.531	11,49
1877	1.846.753	16.634.345	11,10
1887	1.893.895	17.565.413	10,78
1900	1.980.515	18.616.630	10,63
1910	2.063.589	19.990.909	10,32
1920	2.124.244	21.388.551	9,93
1930	2.230.281	23.667.095	9,41
1940	2.495.866	26.014.278	9,51
1950	2.604.200	28.117.873	9,26
1960	2.602.962	30.582.936	8,51
1970	2.583.674	33.823.918	7,63
1981	2.753.836	37.746.260	7,29
1991	2.731.669	39.433.942	6,93
2001	2.695.880	41.116.842	6,55

Os concellos, de nova creación, tiveron un tamaño moi diverso tanto en poboación como en territorio. Nos mapas seguintes podes apreciar os cambios na densidade de poboación (Hb/Km.²) de Galicia en cada un dos concellos ao longo do século XX.

¿Que zonas están cada vez máis densamente poboadas? ¿Que zonas perderon poboación?



44

Nas provincias de Lugo e Ourense ¿En torno a que localidades se está concentrando a poboación? ¿Que áreas das provincias da Coruña e Pontevedra están máis densamente poboadas?

45

¿Cres que pode apreciarse algunha tendencia que teña continuidade ao longo da historia en relación coa distribución da poboación?. Axúdate revisando os mapas de densidades e de distribución espacial das páxinas anteriores.

46



POBOACIÓN DE GALICIA - % GALICIA/ESPAÑA	
1900	1.980.515 10,63
1950	2.604.200 9,26
1991	2.731.669 6,93
2001	2.695.880 6,55

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN NAS PRINCIPAIS CIDADES GALEGAS							
ANOS	A CORUÑA	VIGO	FERROL	OURENSE	SANTIAGO	LUGO	PONTEVEDRA
1900	43.971	23.259	25.281	15.194	24.120	26.959	23.330
1910	47.984	41.213	26.331	15.998	24.637	35.726	24.222
1920	62.022	53.100	30.350	17.581	25.870	28.346	26.944
1930	74.132	65.012	35.563	21.579	38.270	31.137	30.281
1940	104.220	85.272	59.829	28.397	49.121	42.805	36.968
1950	133.844	137.873	77.030	55.574	55.553	53.743	43.221
1960	177.502	144.914	74.799	64.153	57.165	58.264	50.483
1970	189.654	197.144	87.736	73.379	70.835	63.830	52.452
1981	232.356	258.724	91.764	96.085	96.695	73.986	65.137
1991	252.694	278.050	85.132	108.382	105.851	87.605	75.148
2001	239.434	287.282	80.347	109.051	98.381	88.901	75.864



Podes apreciar que hai comarcas e territorios que perden poboación. ¿Cres que iso é un problema? ¿Por que? ¿Por que pensas que se está a producir a concentración da poboación nunhas determinadas áreas? ¿Pensas que se pode frear ese proceso de concentración da poboación en determinadas zonas a costa doutras? ¿Como?

47

Durante todo o século XIX e boa parte do XX, a poboación de Galicia seguiu a vivir maioritariamente do campo e en aldeas. O papel das cidades foi limitado e, até a década de 1960, a rede urbana estaba encabezada por un conxunto de pequenas e medianas cidades, que só influían sobre as parroquias e concellos máis próximos.

Cadro 5 Evolución da Poboación nas principais cidades galegas


Anos	A Coruña	Vigo	Ferrol	Ourense	Santiago	Lugo	Pontevedra
1900	43.971	23.259*	25.281	15.194	24.120	26.959	23.330
1910	47.984*	41.213	26.331	15.998	24.637	35.726	24.222
1920	62.022	53.100	30.350	17.581	25.870*	28.346	26.944
1930	74.132	65.012	35.563*	21.579	38.270	31.137	30.281
1940	104.220	85.272*	59.829	28.397*	49.121	42.805	36.968
1950	133.844	137.873	77.030	55.574	55.553	53.743	43.221
1960	177.502	144.914	74.799	64.153	57.165	58.264	50.483*
1970	189.654	197.144	87.736	73.379	70.835	63.380	52.452
1981	232.356	258.724	91.764	96.085	96.695	73.986	65.137
1991	252.694	278.050	85.132	108.382	105.851	87.605	75.148
2001	239.434	287.282	80.347	109.051	98.381	88.901	75.864

* Indican a anexión dalgún concello nese ano: Oza (A Coruña); Bouzas e Lavadores (Vigo); Serantes (Ferrol); Canedo (Ourense); Conxo e Enfesta (Santiago); Xeve e Ponte Sampaio (Pontevedra)

- 48** Indica as tres cidades de Galicia con máis habitantes a principios do século XX.
- 49** En 1900 a poboación das sete principais cidades galegas sumaba 181.114 habitantes e a poboación total de Galicia era de 1.980.515. **Calcula** a porcentaxe (%) da poboación total que vivía nesas cidades.
- 50** Indica as tres cidades que teñen máis habitantes na actualidade.
- 51** En 2001 a poboación total das sete maiores cidades galegas sumaba 979.260 habitantes e a poboación total de Galicia era de 2.695.880. **¿Que porcentaxe da poboación total residía nestas cidades?**

A partir de 1960 puxéronse en marcha Polos de Desenvolvemento Industrial en Vigo e A Coruña e as cidades galegas experimentaron un notable crecemento a costa da diminución da poboación rural. Esta tendencia, ademais de reforzar a concentración da poboación na costa, supuxo o abandono progresivo de moitas aldeas da Galicia interior.





IT-029

Dende os anos 60 houbo un crecemento urbano moi importante nas cidades galegas, construíndose novos barrios como A Agra do Orzán, Elviña ou Os Mallos na Coruña, e Coia ou O Calvario en Vigo.



IT-030

Nos anteriores planos da Coruña e Vigo, aparecen co número 1 os correspondentes a finais da década dos 50, mentres que os número 2 son máis recentes, de finais dos 90. **Colorea** no teu caderno sobre os planos 2 as zonas novas que se urbanizaron dende entón. **¿Supoñen moita superficie?**

52

A partir dos anos 80 apareceron novas tendencias na ocupación do territorio:

a) En primeiro lugar, o **crecemento das vilas** distribuídas por todo o territorio galego, que adoptaron un urbanismo concentrado con bloques de pisos. Este crecemento é moito máis forte nas que contan con industrias e un importante sector terciario, como Carballo, A Estrada, Monforte, As Pontes, Verín, Sarria, Lalín ou O Barco de Valdeorras... Estas vilas están xerando unha área de influencia sobre os diferentes concellos e parroquias do seu contorno no referente ao comercio polo miúdo, aos servizos privados e aos públicos e están a contribuir (sobre todo no interior) a darlle un protagonismo crecente ás comarcas.


b) En segundo lugar, a aparición do fenómeno da **periurbanización** que consiste no crecemento dos arredores dos centros tradicionais. Así, mentres que as principais cidades galegas moderaron o seu ritmo de crecemento, as áreas do seu contorno rexistraron as maiores ganancias de poboación. Por exemplo, mentres o núcleo da Coruña se estancou e mesmo perdeu poboación (pasa de 252.694 no ano 1991 a 239.434 no ano 2001), os concellos limítrofes como Oleiros, Culleredo, Arteixo ou Cambre, experimentaron continuos incrementos. Algo similar ocorreu en Santiago e os concellos de Ames e Teo; ou en Ferrol respecto a Narón e Fene.

53 ¿Por que cres que están a medrar máis as zonas limítrofes que as grandes cidades?

¿Que vantaxes ten para a xente vivir en zonas próximas ás cidades en vez de en zonas urbanas? ¿Que inconvenientes?

Estamos asistindo a unha progresiva substitución da cidade clásica, compacta, por espazos urbanos amplos, de contornos máis difusos. A cidade tradicional estase a converter nunha **cidade difusa**, na que a cidade central estende a súa influencia a lugares cada vez máis distantes, nos que se constrúen novas vivendas (permanentes ou de fin de semana) e se instalan industrias e servizos. Xorden así áreas metropolitanas que engloban o antigo núcleo e toda a súa área de influencia, o que implica unha nova reorganización do espazo, tanto no conxunto do territorio como do espazo interno das cidades. Este fenómeno é constatable dun modo especialmente evidente nos casos da Coruña e Vigo.

c) Na actualidade, no occidente galego, pódese falar dunha urbanización xeneralizada que se desenvolve en torno a un eixo norte-sur, unha zona de **urbanización difusa** onde se concentra boa parte da poboación e das empresas máis importantes. Trátase dunha ampla área continua que ten a súa prolongación no norte de Portugal e que leva a falar dunha eurrrexión atlántica, que iría dende Ferrol até Porto, tal e como poderás ver no apartado 4.



3.- OS PROBLEMAS ACTUAIS

3.1.- Densificación e caos construtivo

O forte crecemento do espazo construído na maioría das cidades e vilas de Galicia nas últimas décadas fíxose sen unha planificación previa. Os propietarios do solo e os construtores levantaron edificios guiados unicamente pola procura dun maior beneficio económico particular. As autoridades dos Concellos e doutros ámbitos políticos non planificaron ese crecemento e as consecuencias estanse a sufrir hoxe: uns espazos urbanos caracterizados pola densificación e o caos construtivo.

IT-032



Nestas sete imaxes aprézanse algúns dos erros construtivos e de planificación que se cometeron nas pasadas décadas. **Sinala** os que ti poidas apreciar.

54

IT-033





IT-034

O desenvolvemento da cidade difusa como consecuencia da construción de segundas residencias que se transformaron en vivenda permanente, de urbanizacións de adosados de baixa densidade, da instalación de almacéns, talleres e polígonos con actividades industriais, e da localización periférica de importantes servizos públicos..., trouxo consigo que aldeas e terreos adicados antes á agricultura e que estaban separadas do núcleo urbano por espazos baleiros, hoxe estean integradas na cidade, e resulta difícil distinguir os antigos núcleos de poboación.

- 55** ¿Es capaz de identificar as antigas aldeas ou núcleos de poboación que están a ser absorbidos pola cidade central?. Sobre as imaxes 2 e 3 do teu caderno de actividades, **remarca** esas zonas. ¿Que vantaxes e que inconvenientes ten vivir nas casas unifamiliares se o comparamos coa vida nos bloques?
- 56** As persoas que viven nesta ampla área efectúan frecuentes desprazamentos (ao traballo, á escola, a actividades de ocio,...) ¿A disposición das casas facilita a construción de rúas, estradas ou vías de ferrocarril que permitan uns desprazamentos rápidos?
- 57** Os habitantes das casas necesitan tamén unha serie de servizos, como o abastecemento de auga, unha rede de sumidoiros, liñas eléctricas e de telecomunicacións, recollida de lixo... ¿Cres que a dotación deses servizos é fácil e barata tendo en conta a localización das casas sobre o territorio? ¿Quen paga a instalación destes servizos? ¿Cres que é preciso algún tipo de planificación á hora de construír a “cidade difusa”? Razona a resposta. ¿Que medidas se poderían tomar para que as comunicacións e a dotación de servizos fosen máis doadas e baratas?
- 58** A planificación ¿debe facela cada concello independentemente ou debe haber unha coordinación entre concellos limítrofes? ¿Por que?

3.2.- Conxestión, tempo e infraestruturas viarias

As melloras dos medios de transporte e a construción de infraestruturas viarias de gran capacidade (autoestradas, vías férreas de alta velocidade, aeroportos...) facilitan que os desprazamentos entre distintas localidades sexan máis fáciles e rápidos, facendo posible que a xente resida nun lugar e traballe noutro. Unha viaxe que no século pasado podía levar todo un día, pode facerse agora en poucos minutos. Antes da construción dos ferrocarrís e da utilización do automóbil, a velocidade media do transporte de mercadorías (nun carro de vacas) era sempre inferior a 5 km/h, e a

distancia que se podía percorrer nun día non superaba os 20 quilómetros. As persoas desprazábanse habitualmente a pé ou, os máis ricos, dacabalo pero ao paso, cunha velocidade media duns 6 Km/h nun caso e até 10 no outro.

Na actualidade as distancias téñense acortado. Moitas persoas viven a unha hora ou máis do seu lugar de traballo, pero iso pode implicar distancias moi variadas dependendo dos medios de transporte e as infraestruturas que existan:

- Por autoestrada nunha hora percórrense 120 quilómetros.
- Nun tren de cercanías de tracción diesel, pode oscilar entre os 70 e os 90 quilómetros.
- Cun tren de elevada velocidade (en Galicia aínda non existe ningún) nunha hora poden percorrerse até 300 quilómetros.

¿Como pode influír a construción de modernas infraestruturas de comunicacións na vida da xente? (Fai unha lista e non penses só na relación entre lugar de residencia e de traballo, senón tamén noutros aspectos da vida diaria: servizos como sanidade, educación, deportes, tempo libre, compras e comercio, diversións...) ¿Cres que poden alterar a maneira de vivir dentro de cada localidade e as relacións cos veciños máis próximos? ¿Como? ¿Consideras que iso é fundamentalmente positivo ou negativo? ¿Por que?

59

O medio de transporte que se ten popularizado máis é o automóbil, mentres que os colectivos, como o ferrocarril, están nunha situación precaria e pendentos dunha necesaria modernización. Nos últimos vinte anos, o tránsito medio diario nos accesos radiais ás cidades de Vigo e A Coruña incrementouse máis do 400%. O uso masivo do automóbil está xerando problemas crecentes para as persoas, para o medio ambiente e para a economía e o benestar en xeral, sobre todo nas áreas metropolitanas e no interior das cidades, producíndose algúns paradoxos como os seguintes:

En 30 minutos de tempo:

- Pódense percorrer uns 60 quilómetros de autoestrada, que é máis ca distancia que hai entre A Coruña e Ordes ou entre Ferrol e Betanzos, e semellante á existente entre Vigo e Ribadavia ou entre Santiago e Lalín,...
- Pódense percorrer entre 30 e 50 quilómetros por unha estrada principal, na que non existan limitacións de velocidade, que vén sendo a distancia equivalente á que separa Lugo de Chantada, ou Monforte de Ourense.
- Pero pode tardarse máis dese tempo en cruzar unha cidade como A Coruña ou Vigo, a unha hora punta dun día calquera, ou en chegar de Bertamiráns ao centro de Santiago (10 quilómetros), ou de Oleiros ao centro de A Coruña (7 quilómetros), ou de Redondela ao centro de Vigo.



IT-035

¿Ocórrenseche algunhas medidas para mellorar os problemas de conxestión do tráfico? ¿Cres que esta situación pode empeorar no futuro? ¿Como e por que?

60

A construción de grandes infraestruturas de transporte (autoestradas, rede ferroviaria, aeroportos) semella ser unha necesidade e ten, inevitablemente, repercusións no territorio, alterando a paisaxe e condicionando o seu ordenamento.

61 ¿Que aspectos cres que se deben ter en conta á hora de construír as infraestruturas? ¿Débese conservar o patrimonio natural e cultural ou débese primar o custo da construción?



IT-036

62 Fíxate nas imaxes anteriores. ¿Como valorarías o impacto destas infraestruturas na paisaxe? ¿Cales pensas que están mellor integradas?

63 ¿Que medio de transporte é o máis utilizado? ¿Cal é o medio de transporte cunhas infraestruturas que alteran menos o territorio?

64 ¿Quen pensas que debe ter competencias á hora de fixar o trazado das grandes infraestruturas: os concellos, as autoridades autonómicas, as autoridades centrais...?. Anota as túas ideas e logo debatídeo na clase.

4.- CARA AO FUTURO


4.1.- A eurrerrexión Galicia-Norte de Portugal

No espazo do noroeste da península ibérica comprendido entre o río Douro, en Portugal, e o Cantábrico pode recoñecerse unha identidade. Ademais dunhas características naturais como o clima e o relevo, tamén as paisaxes e a organización e formas dos espazos construídos son semellantes dende moito tempo atrás como xa vistes.

4.1.1.- Unha eurrerrexión con certa coherencia económica

Nos seguintes mapas de densidades están representadas as principais zonas de desenvolvemento europeo e da península. No primeiro deles, pódense ver os dous grandes arcos de desenvolvemento económico da actual Unión Europea: -un é a chamada gran dorsal europea, que comprende a área metropolitana de Londres, os Países Baixos, Bélxica, Luxemburgo, e a parte occidental de Alemaña que, a través de Suíza, enlaza co Norte de Italia (Turín, Milán...); -o outro é o arco mediterráneo, formado polas rexións levantinas españolas (Valencia, Cataluña), sur de Francia (Marsella) e norte de Italia. Nestes dous espazos concéntrase gran parte da poboación europea, os principais centros financeiros, industriais e de consumo, e a agricultura máis desenvolvida. O segundo é un mapa de densidades da Península Ibérica.


IT-037



¿En que situación están Galicia e o Norte de Portugal respecto ás principais zonas de desenvolvemento europeo? 65

Para evitar que a costa atlántica se convirta nun espazo periférico e marxinal na Unión Europea, perigo que pode acrecentarse coa recente incorporación á Unión dos novos estados do leste de Europa, sería oportuno potenciar a integración económica (comercial, financeira, de comunicacións...) do espazo atlántico. Neste sentido, a integración de España e Portugal en 1986 abriu novas posibilidades para un futuro desenvolvemento e progreso material. A UE, ademais de establecer a desaparición das fronteiras e aduanas entre Estados, impulsou a creación de amplos espazos económicos transfronteirizos para facer posible un futuro mellor para os seus habitantes.

IT-038



En 1989 trinta e unha rexións de cinco estados diferentes (Reino Unido, Irlanda, Francia, España e Portugal) crearon a Comisión do Arco Atlántico, para defender conxuntamente os seus intereses. (Fíxate nas rexións que percorre a liña verde do mapa anterior).

Dentro desta política de cooperación, en 1992, Galicia e o Norte de Portugal estableceron o Pacto do Eixo Atlántico. Trátase dunha asociación de 18 concellos e cámaras transfronteirizas que pretende fortalecer as relacións comúns, tanto no eido económico como cultural. Xorde así, a denominada eurrrexión atlántica que ven recuperar as relacións entre as dúas zonas que historicamente conformaron a Gallaecia.

Os beneficios desta cooperación poden ser moitos:

1.- A poboación e o territorio de Galicia non teñen un peso moi grande no conxunto da economía europea, nin siquiera na española, pero se consideramos a eurorrexión formada por Galicia e o Norte de Portugal, xa estamos ante unha magnitude similar á que presentan outros espazos que na actualidade teñen un protagonismo maior.

Cadro 6	Poboación de dereito (en 2001)	Superficie Km ²	Densidade de Poboación Hab/Km ² (en 2001)
Rexión Norte	3.657.813	21.278	171'91
Minho - Lima	247.052	2.210	111'79
Cávado	391.010	1.243	314'57
Ave	506.454	1.238	409'09
Grande Porto	1.252.842	817	1.533'47
Támega	547.425	2.629	208'23
Entre Douro e Vouga	274.943	859	320'07
Douro	218.343	4.112	53'10
Alto e Trás-os-Montes	219.744	8.170	26'90
Galicia	2.695.880	29.575	91'15
A Coruña	1.096.027	7.951	137'85
Lugo	357.468	9.856	36'27
Ourense	338.446	7.273	46'53
Pontevedra	903.759	4.495	201'06

A poboación sería semellante á de Cataluña (que en 2001 tiña 6.343.110 habitantes) e superior á de toda a Comunidade de Madrid (5.423.384 habitantes).

66 Imaxina que un grupo musical moi famoso realizase unha xira mundial na que estivesen previstos tres concertos na Península Ibérica. **¿Que tres cidades elixirían? ¿Con que criterios?**

67 **¿Por que é importante para o desenvolvemento económico que exista unha concentración de poboación elevada?**

2.- A integración de Galicia e Norte de Portugal podería contribuir a mellorar os problemas demográficos presentes hoxe na sociedade galega.

Cadro 7	Poboación de dereito por grupos de idade en 2001				
	Total	0-14	15-24	25-64	65 e máis
Portugal	10.256.700	1.641.072	1.466.708	5.466.821	1.671.842
Rexión Norte	3.687.293	644.948	558.278	1.969.309	514.758
Galicia	2.895.880	319.566	364.923	1.444.068	567.523
España	41.116.842	6.044.176	5.879.708	22.285.328	6.989.863
Indicadores demográficos en 2002		Portugal	Rexión Norte	Galicia	España
Taxa de Natalidade (‰)		11'0	11'3	7'2	10'1
Taxa de Mortalidade(‰)		10'3	8'7	10'5	8'9
Saldo de Mov. Natural p/1000 hab.		0'7	2'6	-3'3	1'2
‰ Poboación < 25 anos		29'7	32'6*	25'0	28'2
‰ Poboación ≥ 65 anos		16'5	13'9*	21'2	17'1

* en 2001

68 **¿Onde hai unha porcentaxe máis elevada de poboación maior de 65 anos? ¿Onde hai menores taxas de natalidade? ¿Que problemas presenta a demografía galega?¿Que problemas poden aparecer nun país no que o saldo dos movementos naturais de poboación (natalidade-mortalidade) sexan negativos?**

3.- Na medida en que aumente a integración económica entre Galicia e a rexión Norte de Portugal pode crearse un importante mercado que serviría de motor para xerar novas riquezas. De feito as economías de Galicia e do Norte de Portugal son bastante complementarias e cada vez hai máis intercambios de produtos, recursos e persoas entre o norte e o sur do Miño.


Cadro 8

**Evolución do Comercio Intracomunitario:
Trocós Comerciais entre a Rexión Norte e Galicia (en millóns de euros)**

	1995		2000	
	Expedicións Galicia para Rexión Norte	Expedicións Rexión Norte para Galicia	Expedicións Galicia para Rexión Norte	Expedicións Rexión Norte para Galicia
1. Produtos Agrícolas, Gandeiros e da Pesca	117'0	32'1	210'8	75'6
2. Produtos da Industria Alimentaria	26'7	1'5	43'8	10'1
3. Minerais e as súas Manufacturas	13'6	28'2	49'7	24'2
4. Produtos da Industria Química	23'1	16'1	46'8	30'4
5. Têxtil e Confección	33'0	75'1	94'8	206'2
6. Madeira, Pasta e Papel	31'6	31'2	58'7	30'3
7. Metais e as súas Manufacturas	29'5	23'5	73'8	59'6
8. Máquinas e Aparellos	25'7	8'7	43'9	34'2
9. Material de Transporte	13'1	4'0	45'0	43'4
10. Outras Mercadorías	6'3	5'4	25'6	8'9
Total	319'5	225'7	692'9	522'9

¿En que sectores da actividade económica os intercambios son globalmente positivos para Galicia (vende en Portugal máis do que importa)? ¿En que sectores son favorables para o Norte de Portugal?

69



4.1.2.- Vantaxes da planificación conxunta do territorio de Galicia e Norte de Portugal

O futuro da Unión Europea pasa pola articulación dos diferentes territorios que deben dotarse das mellores comunicacións que lles permitan competir nun mercado único. Non é viable tratar de que unha cidade, unha comarca ou unha rexión medre illadamente xa que o seu desenvolvemento depende cada vez máis das súas relacións con outros territorios. Doutra banda, o elevadísimo custo da construción de infraestruturas (autoestradas, aeroportos, portos, trens de elevada velocidade...) fai preciso unha planificación moi rigorosa dos recursos, que sempre son limitados, de maneira que beneficien ao maior número posible de persoas e contribúan ao desenvolvemento global do territorio.

Neste mapa están as autoestradas actualmente construídas:

¿Que outras autoestradas poderían articular mellor o territorio de Galicia-Norte de Portugal?

70

Dende Ferrol a Porto, antes de que existisen autoestradas, a viaxe por estrada levaba de 6 a 7 horas. Na actualidade pode realizarse na metade de tempo. ¿Cres que isto pode favorecer a actividade das empresas de ámbalas dúas beiras do Miño?. Razona a resposta.

71

Xa hai algún tempo que unha parte da clase empresarial galega é consciente das posibilidades de crecemento que se lles ofrece coa eurorrexión. A nivel dos cidadáns galegos, ¿pensas que se produciu algún cambio nas súas relacións co país veciño? ¿Cres que as cousas poden modificarse no futuro? ¿En que sentido?

72

IT-039

A maior deficiencia en transportes da eurorrexión atlántica é o ferrocarril. Neste momento a distancia entre Vigo e Porto por autoestrada non chega ás dúas horas, e por tren é de case seis. Se existise unha liña de elevada velocidade (como a do AVE) dende Coruña a Vigo podería tardarse menos de unha hora, e o mesmo desde Vigo a Porto. A viaxe entre Santiago e Ourense non sobrepasaría os 30 minutos. Pero na actualidade non hai ningún tren directo, e non existe ningunha liña internacional que una Galicia co Norte de Portugal.

73 ¿Se unha persoa quere facer unha viaxe en tren dende Porto a París, que traxecto debe realizar? ¿Que desvantaxes ten para as empresas non contar con trens rápidos e directos que unan a eurorrexión atlántica co resto de Europa?

74 Se tiveses que trazar unha única liña de elevada velocidade para comunicar o conxunto da eurorrexión atlántica coa gran dorsal europea, ¿por onde cres que debería situarse esa comunicación?

Outro elemento básico das comunicacións dunha rexión marítima, como é a nosa, son os portos. Os portos son lugares nos que se intercambian mercadorías transportadas por barco (o medio de transporte máis económico para grandes volumes de carga) e o transporte terrestre (ferrocarril e estrada). As instalacións portuarias son moi caras polo que é precisa certa especialización para que sexan complementarios nunha escala ampla, xa que se pretenden dedicarse todos ao mesmo, serán moi pouco competitivos.



Cadro 9 Tráfico portuario - 2000		
Portos	Mercadorías descargadas	Mercadorías cargadas
Rexión Norte	10.939	3.070
Porto (Leixões)	10.020	2.981
Viana do Castelo	919	89
Galicia	20.749	5.477
A Coruña	9.326	2.329
Ferrol - San Cibrán	7.428	1.089
Marín - Pontevedra	1.083	502
Vigo	2.021	1.459
Vilagarcía	891	98

75 ¿Saberías indicar que tipo de mercadorías son as máis importantes nalgúns destes portos?

O tráfico aéreo require tamén cada vez maiores infraestruturas e xera moitos problemas de contaminación acústica e inconvenientes de todo tipo para a poboación que vive a carón dun aeroporto, polo que as grandes capitais do mundo tenden a situar os seus aeroportos en lugares bastante apartados das grandes aglomeracións, aínda que moi ben comunicados por trens rápidos e autoestradas co centro das áreas metropolitanas. Por exemplo, o aeroporto de Gatwick en Londres está a case 100 quilómetros do centro, pero hai trens directos cada poucos minutos; o mesmo sucede co JFK de Nova York, o Charles De Gaulle de París, etc. O importante non é tanto onde estean situados, como a rapidez coa que se poida chegar a eles dende calquera punto do territorio ao que serven.

Na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal coexisten catro aeroportos comerciais moi próximos os uns aos outros e cun volume reducido de tránsito. Son a herdanza do pasado cando as comunicacións terrestres eran moi deficientes. A continuación téns os datos do tráfico aéreo na nosa área.

¿Que cres que resultaría máis beneficioso para o conxunto da poboación de Galicia e do Norte de Portugal: gastar os cartos en ampliar os catro aeroportos, tratando de que cada un compita cos demais, ou gastar os cartos en mellorar as infraestruturas terrestres -trens rápidos- e especializar os que xa existen nun tipo de tráfico determinado?

Cadro 10 **Tránsito Comercial nos aeroportos de Galicia e do Norte de Portugal - 2000**

Aeroportos	Avións (no 2004)	Pasaxeiros	Mercadorías (en Tm)	Correo (no 2004)
Porto	-	2.732.000	40.573	-
A Coruña	6.827	581.000	869	5.510
Santiago	16.973	1.291.000	6.628	13.972
Vigo	10.705	721.000	3.298	9.201

76

Explica se estás de acordo ou en desacordo con cada unha das seguintes afirmacións:

77

- 1) É preferible que Galicia trate de organizarse pola súa conta, porque os seus intereses non teñen nada que ver cos dos portugueses.
- 2) É máis fácil que se desenvolvan antes Galicia e o Norte de Portugal se planifican conxuntamente as súas infraestruturas e comparten proxectos.
- 3) É máis probable que Galicia se desenvolva mellor se prescinde da colaboración co Norte de Portugal.

4.2.- A necesidade da planificación

A planificación do territorio non consiste só en dotar ao país de mellores infraestruturas (autoestradas, trens, aeroportos, portos ou polígonos industriais) senón de organizar racionalmente o espazo para mellorar a vida da poboación actual e asegurarlle o benestar ás xeracións futuras. Trátase de preservar o patrimonio natural e mais o construído e facer posible, ao mesmo tempo, a dotación dos mellores servizos á comunidade. Para iso é preciso un estudo previo dos recursos e das necesidades, unha planificación dos obxectivos e o investimento económico que sexa axeitado para lograr eses obxectivos.



2




IT-041

Os lugares que adopten unha planificación máis axeitada do seu territorio lograrán vantaxes comparativas respecto a aqueloutros que se transforman anarquicamente, porque cada vez haberá máis persoas e empresas que seleccionen o seu lugar de radicación e residencia en función da calidade de vida que oferte o lugar.

En moitas localidades galegas non existiu a menor planificación nin ordenación do espazo. Nos últimos anos como resultado da especulación urbanística (o desexo de gañar máis cartos sen importar as consecuencias para os demais), da incultura (descoñecemento do valor do patrimonio herdado; incapacidade para prever as consecuencias futuras das intervencións que se realizan no presente) e da ausencia de regulación e vixilancia por parte dos poderes públicos chegouse á destrución da paisaxe tradicional de moitas localidades e ao caos urbanístico.

Coas normas urbanísticas, coa planificación, preténdese o ben común; e iso implica poñer límites a que cada persoa poda construír como queira e onde queira; terá que someterse a criterios que non prexudiquen aos seus veciños nin hipotequen o futuro. Nese sentido na maioría dos países civilizados regúlanse os materiais de construción; impídense alturas excesivas que rompan a harmonía dunha paisaxe; prohíbese a localización das construcións en terras fértiles para a agricultura, ou en lugares tan illados que a dotación de servizos (auga corrente, teléfono, saneamento, electricidade, gas...) resulte moi caro, etc.

A planificación e ordenación do territorio non está en contradición coa innovación e a nova arquitectura senón todo o contrario. Só unhas normas claras e rigorosas poden favorecer que se busquen as máis avanzadas solucións.



IT-045

Todos os Concellos teñen a obriga de realizar un Plan Xeral de Ordenamento Urbano no que se establece o uso que se lle vai dar a cada espazo (terreos agrícolas, terreos urbanizables, zonas para dotación de servizos, zonas verdes...). O PXOU de cada concello é un documento público que calquera veciño ten o dereito de coñecer.

Á hora de deseñar as grandes infraestruturas que afectan a amplas zonas, a planificación debe efectuarse trascendendo o ámbito local integrándose en marcos máis amplos que garantan a superación de intereses localistas. Hai que pensar globalmente e actuar localmente.

5.- ACTIVIDADE FINAL: OS CIDADÁNS OPINAN DE NOVO.

Unha vez rematada a unidade, explica novamente se estás de acordo ou en desacordo con cada unha das seguintes afirmacións:

1.- Cada persoa na súa propiedade é libre de actuar conforme aos seus intereses.

.....
.....
.....
.....

2.- As infraestruturas (sanitarias, educativas, de comunicación,...) deben planificarse en función de intereses globais e non locais.

.....
.....
.....
.....

3.- Galicia está ben comunicada internamente e co resto de Europa.

.....
.....
.....
.....

4.- Para as empresas galegas o máis importante é mellorar as comunicacións co centro de España.

.....
.....
.....
.....

5.- Para as empresas galegas é preferible articular unha boa rede de comunicacións entre Galicia e o Norte de Portugal, sen esquecer as conexións co resto de Europa.

.....
.....
.....
.....

6.- É preferible que Galicia trate de organizarse pola súa conta, porque os seus intereses nada teñen que ver cos dos portugueses.

.....
.....
.....
.....


7.- Se a economía de Portugal se desenvolve moito, pode ser negativo para Galicia.

.....
.....
.....
.....

8.-Se a economía de Portugal se desenvolve moito, pode ser positivo para Galicia.

.....
.....
.....

0 10 20 30 40 50 60 70 80 90 100 Km



0 200 400 700 1000 1500 2000 m



FRAGMENTO DO MAPA FÍSICO DA PENINSULA IBERICA DO I.G.N. EDICIÓN 2000